


Semana 07

1º e 2º ESO


Criptoaritmética



Demostra que dous erros (WRONG) poden dar lugar a un acerto (RIGHT). Faino substituíndo cada letra por unha cifra distinta e construíndo unha suma numérica correcta. Como pista, a letra O correspóndese coa cifra 0.

3º ESO, 4º ESO, FPB e CM

O tesouro lóxico



No fondo dun vello armario descubres unha nota escrita por un pirata famoso polo seu sentido do humor e a súa afección ás adiviñas lóxicas. Na nota di que escondeu un tesouro nalgún lugar dunha propiedade. O pirata enumera cinco enunciados, todos eles verdadeiros, e rétate a que descubras onde está o tesouro. Velaquí os enunciados:

- Se a casa está preto dun lago, o tesouro non está na cociña.
- Se a árbore da entrada é un olmo, o tesouro está na cociña.
- A casa está preto dun lago.
- A árbore da entrada é un olmo ou o tesouro está enterrado debaixo do mastro.
- Se a árbore da entrada é un carballo, o tesouro está no garaxe.

Onde está o tesouro?

Bacharelato e CS

As idades do home



A infancia ocupoulle a un home un sexto da súa vida, a adolescencia un duodécimo e os anos de mozo solteiro un sétimo máis. Tras cinco anos de matrimonio tivo un fillo, quen morreu catro anos antes que o seu pai, cando tiña a metade da idade á que finalmente faleceu o pai.

A que idade morreu o home?